

Acta da Asamblexa Xeral do día 8/11/2025

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN
ACTA DA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA 8/11/2025
REALIZADA DE MANEIRA PRESENCIAL NO CSC DAS FONTIÑAS EN SANTIAGO DE
COMPOSTELA CON POSIBILIDADE DE ASISTENCIA TELEMÁTICA A TRAVÉS DA
PLATAFORMA ZOOM

Hora de convocatoria: 11:00

Inicio da asemblea: 11:00


Asistentes: 10

Asisten presencialmente:

- Laura Romero
- Bruno López
- Lara Ingelmo
- Iria Ribadomar
- Uxío Broullón
- Eva Agra
- Sandra Lodi
- Álex
- Laura Caneira
- Dicus Rodrigues
- Luís Sendón
- Chus Rojo
- Augusto Metzli

Asisten telemáticamente:

- Idoia de Luxán
- Aída Alonso
- Paula Mayor
- Alicia Suárez
- Sergio Covelo



Orde do día:

- Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da asemblea anterior.
- Informe económico e aprobación, no seu caso, das contas de 2024.
- Previsións de tesourería para o ano en curso.
- Repaso das actividades desenvolvidas no exercicio 2024-2025:
 - Día da Ilustración 2025: "Xosé Vizoso"
 - Participación no Viñetas desde o Atlántico
 - Encontro Galego de Ilustración 2025
 - Exposición polos XX anos de AGPI
 - Exposición en el Congreso Asoc. Ecología Terrestre MAPA en Pontevedra
- Actividade en redes sociais
- Accións de FADIP
- Proposta de actividades e actuacións para 2025-2026.
- Reforma páxina web
- Día da Ilustración 2026. Siro
- XXIII Encontro Galego de Ilustración 2026
- Colaboracións con FADIP
- Novas liñas de financiamento das actividades de AGPI
- Presentación de novas candidaturas para sumarse a Xunta Directiva
- Rogos e preguntas

Desenrolo da Asemblea:

Comeza a asemblea en segunda convocatoria (11.00h) coa lectura da Orde do Día por parte de Bruno.

• Lectura e aprobación, no seu caso, da acta da asemblea anterior.

A Presidenta, Laura Romero, procede á lectura da acta da asemblea ordinaria do ano 2024. Durante a lectura da mesma se comentan certos puntos e unha vez lida é aprobada por unanimidade polos socios asistentes.

• Informe económico e aprobación, no seu caso, das contas do 2024.

Bruno López, secretario técnico fai unha lectura do estado das contas da Agpi a dia da asemblea (8/11/2025)

- Un total de gastos de -27.470,95€



- Alugueres de locais: -1.519€
- Servizos de profesionais independentes: -17.523,66€ (Dia da Ilustración, Encontro, Secretaría técnica)
- Servizos bancarios e similares: -658,83€
- Outros servizos: -4.872,03 (Xestións e mantementos web, Xestoría, Impostos, etc.)
- Gastos dietas: -2.889,34€ (Dia da Ilustración, Encontro, Exposicións e representacións da Xunta Directiva)
- Un total de ingresos de +25.255,40€
- Prestacións de servizos +19.535,40€ (Cotas trimestrais e adianto do convenio)
- Subvencións, doazóns e legados +5,720€
- Previsión da tesourería para o ano en curso:
- A 8 de novembro hai: +4.443,95€
- Ingresos trimestrais das cotas dos socios: 3.650€-3.800€
- Ingresos pendentes. Segundo cobro do convenio: 7.500€
- Altas e baixas de socios:
- A día 8 de novembro somos 117 socios
- Houbo un total de 8 altas e 3 baixas, aumentando así o número de socios en 5

Aprobación por unanimidade de socios do informe económico

Así mesmo Uxio Broullón comenta que as cotas de A Banca, entidade coa que traballamos na AGPI na actualidade, son completamente abusivas. Debátese brevemente que a directiva está a barallar diferentes posibilidades para realizar un cambio a outra entidade.

Idoia comenta a través do chat a opción de Caixa Rural.

- **Resumo das accións desenroladas en 2024-2025:**

Tarefas administrativas e loxísticas:

- Cambio da sede para Avenida dos Mallos 56, entreplanta, A Coruña.
- Cambio na Secretaría Técnica: Marchou Sergio Covelo do cargo na secretaría técnica e Bruno López asumiu o cargo do posto.

Día da Ilustración 2025: “Xosé Vizoso”

- Ilustración do cartel por: Luís Sendón
- Ilustradores colaboradores: Abi Castillo, Carlos Arrojo e Julia Abalde.
- Charlas e obradoiros:



- Bernal Prieto "Autoedición e autoxestión da túa obra" na EASD Antonio Faílde de Ourense.
- Iria Fafián "Introdución aos dioramas ilustrados" na EASD Pablo Picasso de A Coruña.
- Laura Caneira "os animais de tinta" na EASD Ramón Falcón de Lugo
- Web: Coma e Henrique Torreiro e A. Guitián (contidos)
- Redes sociais: Rebeca Varela, Lara Ingelmo e Augusto Metzli
- Deseño: Bernal Prieto Gráfica exposición
- Vídeo: Pradorrúa, Manuel Silva, (vídeo), Moisés Quintas (Música) Rogelio Fernandez (documentación), Alberto Guitián (guión)
- Coordinación: Alberto Guitián, Augusto Metzli e Laura Romero.
- Comunicación: The Office

Salientar que este ano foi o primeiro ano que se realizou unha homenaxe polo día da ilustración a un autor vivo. O socio encargado de coordinar o evento e realizar o traballo de curadoría da obra foi Alberto Guitián, debido a proximidade personal co autor.

Este ano contou con algo máis de presuposto a maiores debido a que se contou cun orzamento fixo en lugar de emitir a AGPI unha factura, co cal se contou cun pouco máis de marxe. Tamén se intentou chegar a un público de carácter xeral e non especializado a través de varias accións. Salientar de estas o traballo da "influencer" Prado Rúa.

Este ano ademais se trocaron as charlas debido a baixa afluencia de público que tiñan por talleres nas escolas de Ilustración.


- "Os animais de tinta" obradoiro impartido por Laura Caneira na EASD Ramón Falcón de Lugo

A pesar de que o obradoiro tivo bastante boa acollida, tanto polo corpo docente como polo alumnado, este tivo unha afluencia duns 15 alumnos dun total de 30, debido a que foi o día previo a unha ponte. O carácter artístico e experimental do obradoiro chamou a atención do profesorado. Valorase a opción de outorgar un título ou un certificado ós asistentes co fin de fomentar a asistencia. Tamén se debate o feito de deixar de lado as escolas que non oferten ilustración como ciclo formativo.

Stand de AGPI no Viñetas dende o Atlántico

Este ano a organización do posto en Viñetas recaeu novamente en mans de Lara Esperante Ingelmo. Lara comenta que as vendas a nivel particular dos socios, funcionaron como en anos anteriores, co cal bastante ben por esa banda. Sen embargo as vendas cuxos beneficios recaen na asociación non foron nada ben.

Pensouse na opción de elaborar un libro ou caderno para colorear con ilustracións dos socios coa intención de recadar máis cartos para a asociación o ano que ven. A partida para



imprimir estes cadernos pode prover dos cartos destinados a reimpresión da Guía Ninja. Este pódese imprimir en Sacauntos, cooperativa de impresión de Santiago.

Ademáis houbo unha actividade de presentación e sinaturas do noso socio Hugo Covelo

XXII Encontro Galego de Ilustración:

Bruno e Chus Rojo presentan un resumo sobre as actividades que se levaron a cabo durante as xornadas do XXII Encontro Galego de Ilustración. Este ano foi coordinado pola socia Chus Rojo e tivo lugar en Pontevedra durante os días 10 e 11 de outubro.

- **Escaparates Ilustrados:**

Tanto Nuria Figueirido na librería Seijas, como Eli García na librería D-Lectum. Salientar que as librerías quedaron moi contentas pola acollida da actividade, que chamou a atención de clientes e veciños da zona. Así mesmo o propio Diario de Pontevedra fixo eco da actividade, tomando e publicando fotos da mesma.

Chus comenta que sobraron algúns cartos do convenio e que se por ela fora levaría a cabo máis intervencións deste tipo, xa que teñen moita repercusión na zona e veciñanza, xa que poden ver o proceso en directo, e ademais serven como carta de presentación e forma de anunciar o evento.

Respecto a isto Iria comenta que sería boa idea incluír cartelaría do evento xunto as intervencións para así mellorar a promoción do evento. Eva comenta que se poderían engadir códigos QR para enlazar a programación do encontro e Bruno propón unha especie de plantilla que leve o Logo da Agpi.

- **Actividades do Encontro realizadas na Facultade de Belas Artes:**


- Faladoiro “Estudíe Ilustración ¿Y ahora qué?” Por Ío Bru (Ilustrando dudas)

Comenta Chus que a charla foi todo un éxito dende a súa óptica. Houbo unha trintena de asistentes e moitas valoracións positivas, aínda así coméntase que dende a pandemia o numero de asistentes a este tipo de eventos diminuíu bastante e que o alumnado de Belas Artes é un alumnado difícil de mobilizar.

- Revisión Xpress de Portafolios por Ío Bru

A revisión de portafolios tamén funcionou moi ben, e tivo bastante afluencia de público, de feito non deu tempo a revisar todo-los portafolios dos asistentes.

- Inauguración da Exposición XX anos da AGPI: Presentación realizada pola presidenta do AGPI Laura Romero e música en directo de Zeltia Irevire, solo acústico



A inauguración funcionou tamén moi ben, reunindo a uns 40 asistentes. O concerto foi todo un acerto e salientase que a combinación de música con este tipo de eventos marida estupendamente.

- **Actividades do Encontro realizadas no Museo de Pontevedra:**

- Benvida a Cargo de Laura Romero
- Obradoiro “Mal, mal, fatal” impartido por Berto Fojo

O obradoiro de Berto tivo unha boa acollida. Berto tiña preparado máis material co que traballar, pero debido a “problemas” de horarios houbo que acoutalo a unha sola hora de duración.

- Faladoiro “Pasión, profesión y muchos monstruos”. Las claves de tu transformación creativa y profesional para una carrera de ilustración estratégica y potente. Por Ío Bru (Ilustrando Dudas)

A charla do sábado de Ío Bru tamén tivo boa acollida. Ío comentou que ten as charlas gravadas e que se a AGPI quere unha copia, pode facilitárnola para difundir entre os diferentes socios.

- Comida


A comida tamén foi percibida e valorada como positiva

- Mesa redonda “Máis alá do papel: ilustrar a todo terreo” con Abi Castillo, Natalia Umpiérrez e Lili Algo, moderado por Laura Caneira e Clara Cerviño

A mesa redonda da tarde do Sábado día 11 as pesar de resultar de interese para os asistentes, tivo varios problemas derivados de problemas técnicos como microfonar e ecualizar a charla.

- Obradoiro “Ilustración con bolígrafo: iniciación e técnica” impartido por Belén Diz Juncal

Alto éxito de participación e Belén preparou moi ben os materiais previos para que a xente non tivera medo de lanzarse debuxar. Seica houbo que botar a xente fora.



- **Librería Seijas:**

- Obradoiro para infancia (de 5 a 9 anos) “Cómics voladores” impartido por Gastón Caba.

Salientase o éxito e acerto deste taller, impartido por Gastón e dirixido a crianzas, o cal tivo incluso lista de agarda.

No relativo a erros ou problemáticas, Chus comenta que o museo deu problemas de última hora que se puideron solventar como a coordinación respecto ao mobiliario necesario para realizar os obradoiros, o tema dos fallos no son etc.

Eva comenta que para outros encontros/actividades/obradoiros poderíanse repartir formularios coa intención de captar máis socixs.

En xeral a valoración é positiva e detectouse que a meirande parte do público era non profesional.

- **Colaboracións habituais**

- Xurados do Premio Nacional de Ilustración: Socio elixido como representante de AGPI no xurado: Laura Ingelmo
- Xurados do Premio Nacional de Ilustración: Socio escollido como representante da AGPI no xurado: Miguel Cuba
- Consultorio legal de Mariona Sardá. (5 consultas de socios)
- Representación de AGPI nas Feiras Internacionais. FIL Guadalajara (Paula Mayor)

- **Participación de AGPI en charlas e mesas redondas:**


- Laura Caneira en ASÍ ILUSTRAMOS
- Chus Otero charla en DAG sobre IA
- Laura Romero con A colectiva na I Xornadas de Profesionalización Artística

- **Directos en Instagram de Retratos Falados por Augusto Metztlí:**

- Perdivel (Rebeca Varela)
- Laura Caneira

- **Participación de socios en exposicións colectivas:**

- Exposición XX Aniversario AGPI en Santiago (Sala de exposicións do Corte Inglés)
- Exposición Galicia Ilustra (con)ciencia (Pazo da Cultura en Pontevedra)
- Exposición xestionada por Augusto e compañía sobre ilustración científica



- **Presentacións do Caderno Agpi:**

- Santiago de Compostela (Sala de exposicións do Corte Inglés)
- Proximamente en Culturgal (Presentado por Augusto e Chus Rojo)

- **Reunión cos representantes de Cultura do Concello de Lugo para a transformación do concurso especulativo do Cartel de Lugo nun encargo profesional**

Bruno e máis Laura reuníronse con políticos representantes do area de cultura de Lugo e conseguiron que o que era un concurso se convertera nun encargo profesional. Este ano ademais tivemos a sorte de que o encargo se lle fixo a un socio da AGPI Iván Mouronte

- **Asesoramento para a conformación de bases para o Premio Aira ao Libro Informativo Ilustrados**
- **Envío de numerosos mails a distintas institucións e organizacións explicando que o uso da IA xenerativa vulnera os nosos dereitos de autoría**

Mandáronse a diferentes institucións, como concellos, Xunta, etc

- **FADIP**

Debido ao tempo limitado e que quedan moitos temas da assemblea por tratar, Bruno comenta que enviará o informe sobre FADIP que elaboraron Clara e Rebeca por correo electrónico.

- **Propostas de actividades e actuacións para o 2025-2026**

A presidenta Laura comenta que para variar as contas da AGPI están algo desaxustadas e para solventalo probablemente haxa que recorrer a prestamos de tipo persoal. Pídesse axuda aos socios para que aporten ideas para engrosar as contas da AGPI.


Unha das ideas que propón Laura é que de cada actuación que se realice dende a AGPI, unha pequena porcentaxe do beneficio recaiga sobre as arcas da asociación como concepto de xestión.

Outra idea é con venta de obra como láminas, postais, etc

- **Reforma de web AGPI**

A páxina web da AGPI precisa dunha reforma integral dende hai tempo. No pasado fixéronse axustes sobre a base da web, pero foron máis un parche que unha solución definitiva e a web a día de hoxe loce desactualizada e pouco eficiente.

A presidenta pediulle un orzamento á axencia de comunicación Coma para a reforma da web. Dito orzamento ascende a un total de 3420,00€. A idea é que esta cantidade entre dentro do novo convenio coa Xunta. De todas formas isto será informado a todxs xs socixs por



correo electrónico coa proposta por parte de Coma con todas as accións respecto a dita reforma.

Con respecto a este tema Uxío comenta que hai uns anos fixo un informe diagnóstico sobre a web e cambios a realizar para melloralala.

Coméntase que en relación á actualización das galerías de socixs, habería que ver que sistema implementar. Unha suxestión de Lara é a de enviar un formulario de Google anualmente aos socixs para que actualicen as imaxes e a información.

- **Día da Ilustración 2026. Siro**

A persoa homenaxeada polo DI 2026 será Siro e Laura Romero será quen leve a coordinación nesta edición. Fálase da necesidade de negociar unha ampliación do orzamento dado que a web do DI precisa dunha reforma si ou si.

- **XXIII Encontro Galego de Ilustración 2026**

Respecto á localidade na que realizar o vindeiro encontro no 2026, Augusto comenta que aínda non se sabe onde vai ser, pero que se aceptan suxestións. Debátese brevemente sobre este tema e menciónanse diferentes posibilidades (Padrón, A Coruña, etc). Bruno comenta que facelo en Coruña sería positivo grazas ás axudas da Deputación e facilitaría a asistencia de socixs desa zona. A posibilidade máis apoiada en xeral é a da Coruña, pero non se toma aínda unha decisión. Lara propón buscar opcións alternativas para completar a financiación do encontro como a procura de patrocinios (Jaspe Art e Galgo Azul). Neste sentido Uxío achega a súa experiencia acudindo a un evento en Birmingham. A presidenta comenta que se enviará máis adiante un correo recollendo as ideas comentadas para debatilas.


- **Novas liñas de financiamento das actividades de AGPI**

Anímase a todxs xs socixs a mandar propostas ou suxerencias para a procura de financiación alternativa, dado que actualmente a AGPI depende case exclusivamente das cotas asociativas e do convenio anual coa Xunta. Financiación que limita en moitos sentidos a actividade da asociación e que apenas chega a cubrir os gastos anuais.

Lara suxire a posibilidade de que a AGPI edite un libro para colorear con ilustracións dxs socixs.

Complementando esta idea, Iria suxire que este libro podería venderse a escolas de arte, colexios, ANPAS, etc.

Tamén se comenta a posibilidade de facer unha serie de 'packs' temáticos de láminas de socixs que venda a AGPI en feiras ou espazos e que a asociación se leve unha pequena porcentaxe.



A maiores tamén se propón que de cada proxecto que a AGPI coordine ou desenvolva, inclúa unha parte de orzamento para a propia asociación. Unha porcentaxe que axude a aumentar o seu colchón e financiar a súa actividade.

Iria suxire tamén a procura de patrocinios ou organismos colaboradores que financien a actividade da AGPI. Augusto responde que habería que consultar os estatutos para valorar esta posibilidade.

- **Presentación de novas candidaturas para sumarse a Xunta Directiva**

Iria Ribadomar ofrécese a formar parte da Xunta Directiva de novo como vogal. Vótase a favor con unanimidade por parte de todxs xs socixs presentes.

- **Rogos e preguntas**

Chus Rojo fala brevemente da súa experiencia na mesa redonda sobre IA xenerativa na que participou. Iria Ribadomar suxire realizar unha xuntanza respecto a este tema. Coméntase que este ano o Culturgal volveu programar charlas sobre o emprego da IA.

Sandra Lodi comparte a súa experiencia sobre o Premio Castelao de Banda Deseñada.

Comenta que habería que demandar un aumento da cantidade dado que leva anos conxelada. Unha das problemáticas que enfrontou é que a asignación da editorial a través da licitación só contempla criterios económicos, polo que só se prima a capacidade de distribución da editorial, o prezo e número de exemplares...Na súa opinión debería terse en conta tamén que a liña editorial vaia en consonancia ao contido da obra gañadora e que o público ao que se dirixe sexa o adecuado. Outra das grandes problemáticas é que o certame se anuncia como premio, cando en realidade se remunera como un adianto de vendas. Nas bases non se estipula o aboamento de regalías, polo que queda completamente a discreción da editorial que se encargue de editar a obra gañadora. Sandra conclúe dicindo que vai redactar unha serie de propostas para mellorar as condicións do premio dado que desde a Deputación teñen vontade de escoitar suxestión. Enviará o borrador á Xunta Directiva para revisalo antes de enviar a versión final á Deputación.